

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA APOIAR AS REVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA “CRER EN NÓS”

O sector da imaxe persoal de Galicia, formado por salóns de peiteado, barberías e centros de estética, integrouse na plataforma estatal CRER EN NÓS en representación do sector galego. Desta plataforma forman parte milleiros de profesionais do sector da imaxe persoal de toda España, composto maioritariamente de autónomos e autónomas, co único fin de loitar para conseguir a redución do imposto do IVE do sector, que no ano 2012 estableceuse nun 21%. Ata ese ano, concretamente os salóns de peiteado tiñan un IVE do 8%, é dicir tiñan o IVE de servizos esenciais, e os servizos de estética tiñan un IVE do 16%.

A principal reivindicación da plataforma CRER EN NÓS e a baixada do IVE ao 10%, e considerar os salóns de peiteado, barberías e estéticas como actividade esencial. Este sector xa viña sufrindo unha difícil situación, pero coa chegada da COVID-19 o sector pasou a estar nunha situación moi crítica. Tiveron que pechar durante tres meses por causa de forza maior e actualmente atópase totalmente limitados polas medidas de seguridade establecidas, que non lles permite desenvolver a súa profesión con total dispoñibilidade, incluíndo a limitación do aforo.

No contexto actual, os salóns de peiteado, barberías e centros de estética, nos 9 meses de pandemia do ano 2020, en comparación co mesmo período do ano anterior, experimentaron unha caída da facturación nunha media dun 38,9%. Con todo, para o 67,8% do sector, a facturación dos primeiros 9 meses de 2020 caeu ata chegar o 50%. As previsións para o último trimestre de 2020 non son nada positivas xa que se esperaba que a facturación media descenderá un 38,83%.

Trátase dun sector económico formado por máis de 150.000 traballadoras e traballadores en España, onde o 85% son mulleres autónomas. Xera uns 50.000 empregos indirectos. É un sector que se viu afectado coas restricións para o Estado de Alarma e a posterior situación xerada pola pandemia.



A plataforma CRER EN NÓS está a levar, dende o verán, actos reivindicativos do sector por toda España, e de maneira máis acentuada durante o mes de outubro e neste pasado 20 de xaneiro, onde decenas de profesionais se concentraron na praza do Obradoiro e noutras cidades do país.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar a o Goberno de España a que devolva ao sector dos salóns de peiteado, barberías e centros de estética o IVE reducido do 10%, considerándoos actividade esencial.
2. Notificar esta resolución ao Goberno de España.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021.